



## ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR - novembro 2024

### SORTEO E CONSTITUCIÓN XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 10 de setembro de 2024 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG do 18 de setembro) realizarase próximamente a **renovación parcial do CONSELLO ESCOLAR**, instrumento de participación na vida do centro de todos os sectores da comunidade educativa.

A organización e supervisión do procedemento de elección estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto e estará integrada por:

- O director do centro
- Un profesor ou profesora
- Un pai, nai ou titor/a legal
- Un alumno ou alumna
- Unha persoa do persoal de administración e servizos

As catro últimas persoas serán designadas por **sorteo** segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988 do 28 de abril, conforme o establecido nas disposicións adicionais do Decreto 324/1996 do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto); este **sorteo** será público, contemplará a designación de membros suplentes e celebrárase **neste Centro**, o vindeiro **venres 18 de outubro ás 11:05 horas, no despacho de Dirección**.

**A Xunta electoral constituirase no Centro o luns, día 28 de outubro, ás 11:05 horas no despacho de Dirección** (para a que se convocará ás persoas elixidas no sorteo)

As persoas da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que publicará a Xunta Electoral do centro a partir da súa constitución e que figurarán na web e no taboleiro de anuncios do centro.

Baiona, 17 de outubro de 2024

O Director do centro

Asdo: Daniel Garbín Narciso

